COVA DA XABREIRA

ECO-EXPERIENCIA

VIÑAS DE SEADUR

Localización
Seadur, Larouco

Dispoñibilidade
Venres e sábados desde marzo ata outubro

Duración
2 horas e media en horario fixo de 11:00 a 13:30hs

Grupos
Máximo 15 persoas

Idiomas
Galego, español, ou inglés

| INMERSIÓN NA TRADICIÓN VITIVINÍCOLA DA ALDEA

Requirimentos

> Non apto para persoas con mobilidade reducida.
> Os menores de idade poderán degustar mosto da adega e recibirán un díptico co mapa do roteiro e actividades
> Menores de idada deben ir acompañados por unha persoa adulta responsable. Libre de custo ata os 5 anos.

Reservas e condicións

> Reservas cun mínimo de 72 hrs de antelación. Cancelación gratuíta ata 48 hs da data.
> Pago de 50€ no momento da reserva.
> Experiencia non reembolsable.
> Para grupos de máis de 6 persoas, consultar información e solicitar dispoñibilidade.

Inclúe

> Roteiro guiado de 3km por Seadur: aldea, viñas, adega e as súas covas.
> Recursos virtuais.
> Degustación de 5 viños.
> Petiscos con vistas panorámicas.
> Agasallo.

Descrición da actividade

O roteiro comeza na recepción de Cova da Xabreira cun percorrido circular de case 3 km polas viñas e instalacións. Durante o percorrido, o grupo irá acompañado dun ***burro fariñeiro***, especie autóctona en perigo de extinción que fará a experiencia aínda máis especial.

Ao longo do traxecto, os visitantes poderán acceder a contidos virtuais en 360º que mostran distintos momentos do traballo e coidado da vide. Ademais, un guía especializado relatará a historia da vila e da adega, enriquecendo o paseo con información única.

A experiencia inclúe varias paradas para degustar ao aire libre de 5 viños representativos da adega, que recollen a esencia e a herdanza vitivinícola do lugar.

A visita finaliza nun balcón natural cunha impresionante vista panorámica, onde se servirá un petisco elaborado con produtos típicos para abrir o apetito.

Para aqueles que desexen prolongar a experiencia, é posible reservar mesa no restaurante da adega, onde a gastronomía local é a auténtica protagonista.

Prácticas ecoamigables

> Preservación do burro fariñeiro para sensibilizar sobre especies en perigo de extinción.
> Uso de contidos virtuais en 360º para reducir materiais impresos e minimizar residuos.
> Degustación de produtos locais para fomentar a economía circular.

COVA DA XABREIRA | ECO-EXPERIENCIA VIÑAS DE SEADUR







Cova da Xabreira
LUGAR DE ENCONTROS











+34 988 984 827

lugardeencontros@covadaxabreira.es

www.covadaxabreira.es

Covadaxabreira

covadaxabreira

A Cova da Xabreira

XEODESTINO Trevinca Valdeorras
DEPUTACIÓN OURENSE
inorde Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico
OU OURENSE
galicia
XUNTA DE GALICIA